

Apartados	Puntuación actual	Nova proposta Ministerio	CIG-Ensino
Antigüidade	Sen tope na puntuación	Sen tope na puntuación. Incremento xeral, premiando a antigüidade no centro. Mellora a redacción do apartado de especial dificultade, quedando como está actualmente en Galiza.	Recoñecendo a mellora na redacción inicial da puntuación especial dificultade, defendemos que non sexa consumíbel e puntúe sempre.
Méritos académicos	Tope de 10 puntos	Tope de 10 puntos. Incremento de puntos do doutoramento. Puntúa cada titulación e non unha soa como até agora. Retiran deste apartado o dominio de linguas estranxeiras. Queda en 2,5 a puntuación dun 2º grao se este non se cursou na súa totalidade.	É lóxico retirar deste apartado o dominio de linguas estranxeiras que, se ben van ser puntuadas para acollerse a recentes sentenzas, é lóxico que figuren noutro apartado ao non ser unha titulación académica. Propomos que a titulación de Grao no que se non se cursaron a totalidade dos créditos puntúe con 3 puntos por analoxía coas titulacións de 1º e 2º grao.
Cargos docentes	Tope de 20 puntos	Tope de 30 puntos. Incrementan as puntuacións de cada cargo ou función. Non se di nada sobre o actual tope de 5 puntos para outros cargos.	Subir a puntuación deste apartado só pode considerarse como positivo se se elimina o tope para outros cargos. Todo o profesorado debe poder acadar os 30 puntos. Debe incorporarse expresamente a responsabilidade de centros incompletos coa puntuación de secretaría (3 puntos).
Formación	Tope de 10 puntos	Tope de 15 puntos. Incrementan a puntuación de formación (9 puntos). Incorporan competencia dixital e dominio de linguas estranxeiras, que no 1º borrador estaba no apartado de méritos académicos. Dos 15 puntos hai 12 reservados (9 para formación e 3 para competencia dixital (CD))	O cambio de 6 a 9 puntos na formación superada é positivo e responde á proposta presentada pola CIG-Ensino, xa que se mantén a proporcionalidade anterior do 60% do total do apartado, aínda que o sindicato era partidario de chegar aos 10 puntos. Alegamos que se aclare previamente a duplicidade de puntuación que se vai producir ao respecto da CD, xa que para obter a acreditación dos diferentes niveis o que se require son criterios que xa se puntúan noutros apartados (formación superada ou impartida, publicacións, participación en proxectos, entre outros).
Outros méritos	Tope de 15 puntos	Tope de 15 puntos. Inclúen puntuación por titorizar a fase de prácticas dun concurso oposición. Citan expresamente méritos en diversos campos a maiores do artístico e científico.	Retirar a puntuación por cargos na administración educativa. Sendo positivo que se citen méritos deportivos, técnicos ou tecnolóxicos botamos de menos que non se citen expresamente méritos no ámbito audiovisual, de creación dixital e das artes escénicas (ca que nas normas procedementais figuran artísticos e literarios). Consideramos desequilibrada a puntuación de publicacións ao respecto da de méritos académicos.
Criterios de desempate		Hai que adaptar a 10 puntos a puntuación obtida no baremo dun proceso selectivo que teña outro tope de puntuación (como no concurso de méritos).	Xa aplicado en Galiza.